

Documentos de Traballo en Ciencias da Linguaxe. 2022

© Dos textos, ás autoras

© Da cuberta, a Área de Imaxe da Universidade de Vigo

ISSN-L: 2530-2752

dtcl@uvigo.gal

<https://dtcl.webs.uvigo.es/>





Documentos de Traballo en Ciencias da Linguaxe

Ano 2022

EQUIPO EDITORIAL

Ana Varela Suárez
(Universidade de Vigo)

Martín Vázquez Fernández
(Universidade de Vigo)

COMITÉ CIENTÍFICO

José M. García-Miguel
(Universidade de Vigo)


Carmen Cabeza Pereiro
(Universidade de Vigo)

Fernando Ramallo
(Universidade de Vigo)

Susana Rodríguez Barcia
(Universidade de Vigo)

Antonio Rifón Sánchez
(Universidade de Vigo)

Anastasiia Ogneva
(Universidade de Santiago
de Compostela)



Documentos de Trabajo en Ciencias da Linguaxe

Táboa de contidos

Editorial

Ana Varela e Martín Vázquez Fernández3

Artigos

A cuestión do significado no significante [de.mo.'kra.θja]

Noelia Amado Corbacho.....7

Alzheimer, demencia e deterioro cognitivo por idade: unha perspectiva lingüística

Sol Vilas Gómez e Iria Rodríguez Sánchez.....37

Análisis del deterioro del lenguaje en una persona sorda con demencia por Enfermedad de Parkinson

Johana Noemí Dolinski e Eva Aroca 65

Traducións e versión

Monolingual Brazilian Sign Language Dictionary and Lexical

Ambiguity: a proposal for indexation and systematization of internal structures

Tânia Aparecida Martins e Jorge Bidarra..... 85

Entrevistas

Entrevista con Xoán Paulo Rodríguez Yáñez

X. P. Rodríguez Yáñez e Martín Vázquez Fernández 117



Editorial

Ana Varela Suárez

Universidade de Vigo

anavarela@uvigo.gal

Martín Vázquez-Fernández

Universidade de Vigo

martivazquez@uvigo.gal

Neste comezo de 2023, presentamos o terceiro número da revista *Documentos de Traballo en Ciencias da Linguaxe* (2022). Os DTCL son un proxecto que naceu no ano 2016 baixo a dirección de Fernando Ramallo a fin de dinamizar os traballos en curso das novas investigadoras do departamento de Lingüística Xeral da Universidade de Vigo. Froito da mobilidade destas investigadoras e da publicación de moitos dos seus avances nos números anteriores, a revista quedou sen novas contribucións e o proxecto quedou paralizado.

Esta reedición dos DTCL vén motivada por un novo ciclo que se abre en torno á súa dirección. Esta pasa agora ao estudiantado de doutoramento, tal e como foi concibido no proxecto inicial, nun momento de maior dinamismo e de enerxías renovadas tras a crise da COVID-19. Ademais, a revista abre a recepción de orixinais a outras investigadoras máis alá do propio departamento. Nesta nova reedición, os DTCL pasan do papel a un formato exclusivamente dixital e están aloxados nunha web propia: <https://dtcl.webs.uvigo.es>.

Alén do seu formato, a revista tamén transforma a súa estrutura e incorpora dúas seccións novas amais da clásica de artigos orixinais. Esta primeira sección de orixinais continúa co espírito dos anteriores números: fomentar o proceso de reescritura de investigación, nomeadamente traballos de fin de grao e de mestrado, para convertelos en traballos aptos para seren divulgados en formatos máis accesibles para o público

investigador. O obxectivo principal desta sección é o de fomentar o proceso de reescritura de pequenas investigacións para dar a coñecer as novas liñas que se abren entre a comunidade investigadora no eido das Ciencias da Linguaxe. O proxecto está aberto ao estudantado de todas as universidades galegas (e máis alá!) e a revista acepta artigos todo o ano. Neste número traemos traballos que se xestaron no Mestrado Interuniversitario de Lingüística Aplicada (MILA) da Universidade de Vigo dos anos anteriores.

O primeiro artigo, escrito por Noelia Amado Corbacho, é unha análise do significante [de.mo.'kra.θja] desde a perspectiva da Análise Crítica do Discurso onde introduce a teoría do *significante flotante* a través da obra de Laclau e Mouffe. O segundo artigo, escrito por Sol Vilas e Iria Rodríguez, é un estudo descritivo sobre os efectos do deterioro cognitivo desde unha perspectiva lingüística coa intención última de contribuír á súa detección precoz. Nunha liña similar, o último artigo orixinal, escrito por Noemí Dolinski e Eva Aroca, é un estudo de caso no que se analizan mostras do discurso dunha persoa signante diagnosticada con demencia por Parkinson. Con estes tres orixinais quedan recollidas algunhas das liñas incipientes dos traballos do MILA e das teses de doutoramento actualmente en curso.

Na segunda sección a revista incorpora traducións orixinais e versións doutros artigos publicados orixinalmente noutras linguas. Neste caso, contamos cunha versión ampliada e mellorada en lingua inglesa de Tânia A. Martins e Jorge Bidaarra froito da colaboración intensa entre Vigo e o Brasil no campo da lingua de signos. Neste artigo, as autoras presentan unha proposta de representación formal das entradas e de sistematización de ambigüidade léxica nun dicionario monolingüe da Língua Brasileira de Signos.

A derradeira sección incorpora entrevistas a lingüistas con experiencia no campo da investigación e da docencia. De

forma xeral, as entrevistas divídense en tres partes. Unha primeira sobre a biografía do autor ou autora, co obxectivo de mostrar ás investigadoras noveles como xorde e se forxa un perfil profesional docente e investigador e, tamén, co convencemento de que profesión e biografía son inextricables. Unha segunda parte que versa sobre os problemas da lingüística actual e que remite a vellos e novos debates dentro deste amplo campo que chamamos Ciencias da Linguaxe, pero, aínda máis, das Ciencias Sociais en xeral. E, por último, un apartado que trata sobre as investigacións actuais e a formación das novas investigadoras, con reflexións sobre obras, autoras e liñas de investigación prolíficas. Neste número entrevistamos a alguén moi especial xa que o entrevistado, Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, foi membro do departamento de Lingüística Xeral desde 1995 ata o 2022. Nela, o autor fálanos sobre a súa biografía lingüística e o seu interese pola sociolingüística e, particularmente, pola análise da conversa, debullando os principais retos e aprendizaxes dunha vida dedicada en grande parte ao coñecemento.

Esta sección pecha este número e abre o envío de propostas, principalmente, a todo o estudantado de doutoramento e de mestrado para o número de 2023. O prazo máximo para enviar artigos e traducións é a finais de outubro do 2023.

Finalmente, queremos agradecer a todas as persoas que fixeron posible que este número saíra á luz: ao grupo de investigación ao que pertencemos, GRADES, pola disposición, axuda e confianza; a todas as persoas colaboradoras que enviaron artigos e atenderon as esixencias das revisoras e editoras; ao comité científico que se encargou de revisar e suxerir melloras aos orixinais e versións; a Xabier Martínez Rolán, polas axudas na construción da páxina web e a Noelia Amado, quen estivo a cargo da maquetación e das xestións para que a revista fora un proxecto máis profesional.

Por último, a Antón Rifón, *in memoriam*.